



## **ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024**

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral competente en materia de menores, ten asumida segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e ao amparo da disposición transitoria do Decreto 42/2024, do 14 de abril, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Fundación Meniños é unha entidade de natureza fundacional inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal baixo o número SND239, exercendo o Ministerio de Cultura e Deporte o Protectorado sobre ela.

Nos estatutos da fundación, modificados en virtude de acordo do Padroado, de data 18 de decembro de 2020, e elevados a público en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. (...), consta no seu artigo 5 que o obxecto desta Fundación é a protección da infancia de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os nenos, nenas e adolescentes máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

Así mesmo, a Fundación Meniños é unha entidade sen ánimo de lucro recoñecida e inscrita co número E1547 no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con nenos, nenas e adolescentes. Traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto. A dita entidade ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove os seus dereitos a medrar nunha contorna familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral, actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato á infancia e a adolescencia.

Por outra banda, a Asociación Arela, entidade de natureza asociativa constituída en virtude de acordo da asemblea constitutiva celebrada en Vigo o 20 de setembro de 1998 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 1998/127, é unha entidade sen ánimo de lucro recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E4168.



As actividades subvencionables por este convenio desenvolvidas por as entidades Fundación Meniños e a Asociación Arela consisten na pilotaxe dun servizo de intervención para nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve e as súas familias, co obxectivo de evitar situacións de desprotección grave que deriven na entrada destes nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección.

Estas actividades subvencionables ofrecen unha intervención familiar integral (psico-socio-educativa) flexible, adaptada a cada sistema familiar, cunha visión sistémica que entende o conflito como oportunidade, actúa sobre o potencial de cambio das persoas e os sistemas, incide na dimensión social e relacional do ser humano e atende aos estados mentais e necesidades emocionais das persoas.

As entidades Fundación Meniños e Asociación Arela son cotitulares no desenvolvemento das actuacións subvencionables. Estas entidades asumen os compromisos económicos que se deriven do desenvolvemento das actuacións desenvolvidas ao 50 % de responsabilidade, así como con carácter solidario as responsabilidades que se deriven dos incumprimentos no dito desenvolvemento.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que a Fundación Meniños e a Asociación Arela son idóneas pola súa experiencia no ámbito da

atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

Ambas entidades teñen obxectivos comúns e/ou complementarios nas áreas de intervención coas nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección leve e están convencidas do interese de unir e coordinar esforzos e recursos para a súa consecución.

Con este obxecto asinouse o día 23 de abril de 2024 un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, a Fundación Meniños e a Asociación Arela.

Na cláusula Décimo Cuarta establececese que o presente convenio terá efecto desde a data da súa sinatura ata o 30 de abril de 2024.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen polas entidades desde o 1 de xaneiro de 2024.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por un período que non poderá ser superior a un mes, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio corrente.

Na súa virtude, e nos termos do disposto no artigo 49 da dita Lei 40/2015, do 1 de outubro, tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, as partes convenientes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

## ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 23 de abril de 2024. Esta prórroga entrará en vigor na data da súa sinatura e abranguerá as actuacións a desenvolver dende o 1 ao 31 de maio de 2024, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o mes de maio de 2024 é de 58.932,00€.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 38.02.312B.481.01 e código de proxecto 2021 177 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

Para este convenio non se establece revisión do prezo.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o mes de maio de 2024, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e  
Igualdade  
A conselleira  
(...)

Pola Fundación Meniños  
O presidente,  
(...)

Pola Asociación Arela  
O director,  
(...)